

# SAMAÍN, 19

## UNIDADE DIDÁCTICA

### DOUS TEXTOS DE M<sup>a</sup> CRISTINA SÁEZ CAZALLA



**CEIP. JUAN FERNÁNDEZ LATORRE  
A CORUÑA**



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

# DIAÑO E TI

M<sup>a</sup> Cristina Sáez Cazallas



Aínda lembro aquela tarde do 31 de outubro. Eu estaba no meu cuarto lendo unha bonita historia de medo cando uns ruidos extraños chegaron a través da fiestra. Eran uns sons que viñan do patio do meu cole. Eu vivo xusto en fronte dese pequeno xardín onde xogan os nenos e nenas de Infantil. Levanteime da cadeira e apartei as cortinas para descubriren a orixe deses sons. Xunto aos bambáns había varios homes vestidos de branco. Un deles estaba de pé e os demais parecían escoitalo con moita atención. O sentimento de medo que antes buscaba na lectura do libro fíxose realidade en min e fixo tamén que o meu corazón latexase máis forte, ás presas, como querendo fuxir dese medo que estaba a sentir. A luz do sol había tempo que desaparecera deixando paso a esa escuridade que, case no mes de novembro, faise longa, longa... Como aquela noitiña do día 31... Nese intre o medo deixou un anaquiño por onde se colou unha idea. Dende que eu tiña recordos sempre festexábase no cole a festa do Samaín pero nunca antes vira homes como aqueles. Acendín o meu ordenador e escribín, con dedos trémulos, a palabra Samaín na búsqueda de algo que me dese a confirmación do que podía estar a pasar no colexio Fernández Latorre. Lin máis deprisa que nunca antes lera: «celebración agrícola...», «fin do verán...», «noite de difuntos...», «druida» «¡druida!: sacerdote pagán dos celtas



IRENE A.



ALMA

que adoitaban ir vestidos de cor branca e que consideraban esta data como un momento perfecto para reverenciar aos antepasados que xa non estaban vivos».

Non puiden seguir lendo, xa non era só o medo o que sentía, tiña curiosidade, quería saber que estaban a dicir aqueles homes na derradeira tarde do mes de outubro. Díxenlle aos meus pais que ía baixar o lixo ao contedor, mais non era de todo verdade. Ao vivir tan preto do cole achegueime ata o patio. Oía as súas voces mais non era quen de saber con exactitude o que estaban a dicir. Un dos homes que estaba sentado sostíña un manto branco con algo dentro. Nestas estaba eu cando notei que alguén tocaba o meu ombro. Nese intre o corazón xa non corría, ¡galopaba! e os seus latexos soaban na miña cabeza como golpes dun mazo nun pandeiro.

-Non esteas asustado- dixo unha voz preto da miña orella dereita.

Virei a cabeza. Non daba crédito ao a que alí estaba: unha pequena fada, parecida a «Campanilla», a amiga de Peter Pan. Pousada no meu corpo falábame cunha voz doce e calmada.

-É Samaín- dixo. Os trasnos e as fadas temos dereito a ir e vir por onde queiramos. Queres coñecer a Diaño, é o meu compañeiro de travesuras nesta noite de celebración.

Se con ela xa quedara abraiada cando vin a Diaño quedei totalmente pasmada. Ao carón



GONZALO



ILLO




da fada había un ser pequeno con pernas de cabra, un corno na cabeza e un rabo entre as patas traseiras. Lembrábame aos trasnos que vira tantas veces nos contos.


-Non nos mires así- dixo Diaño. Sempre aparecemos nesta noite especial para facer trasnadas. Non te decatás de que estás rodeada de fadas, trasnos e druidas? Por certo tamén andan por aquí algún espíritus pero ti non os podes ver.

-Nós tamén celebramos o Samaín- dixo a fada. Non só é unha festa de cabazas e candeas. Hai moito, moito tempo comezou a festexarse para celebrar o noso novo ano e o fin do verán. Nese tempo os labregos tiñan boa conta de todas as colleitas, de todos os alimentos que tiñan reservados para o inverno que empezaba. Mais non che quero enganar. Tamén é noite de espíritos, por iso as persoas disfrazábanse para que os espíritos malos non os recoñecesen como humanos e non puidesen facerlles dano.

-Non poñas esa cara, ou!- dixo Diaño. Estás máis branca que a neve recién caída. Ninguén vai facerche mal ningún. Vive esta noite con maxia, coa maxia que vive connosco dende sempre. Pero dígoche unha cousa, cóntalle a todos os nenos e nenas do teu cole que a celebración do Samaín foi moi importante para o noso pobo galego. Sabes cal era o seu nome orixinal? Samhain. Os celtas foron os primeiros en festexalo e agora sodes vós os protagonistas dunha parte da historia.



VERA




IRENE

Cando ía a contestarlle notei unha man no meu ombro esquerdo. Un tremor percorreu outra vez o meu corpo. Quen sería agora?

-A ver mulleriña, esperta dunha vez, que vas chegar tarde a clase.

Un bico da miña nai trouxome ao mundo real. Todo fora un soño. Un soño tan real como a vida mesma.

Cando me asomei pola fiestra para asegurarme de que o pequeno xardín do meu cole seguía a estar igual que sempre pareceume ver, entre as árbores, un anaco de tela branca. Aínda non sabía o que o druida do meu soño tiña nas súas mans. Mais iso xa cho deixo a ti. Queres investigalo? Esa xa será a túa propia historia.



LUCI



HUGO

## QUE LEMBRAS DO TEXTO?



1.- En que data pasan os acontecementos que se narran no texto?

---

2.- De que cor ían vestidos os señores que estaban no patio do cole?

---

3.- Que festiña celebraban á noitiña do día 31 de outubro?

---

4.- A quen se parecía a pequena fada que se lle apareceu á protagonista?

---

5.- Como se chamaba o seu compañeiro de aventuras?

---

6.- Completa a descrición de Diaño.

Era un ser \_\_\_\_\_ con pernas de \_\_\_\_\_,  
un \_\_\_\_\_ na cabeza e un \_\_\_\_\_ entre as patas

\_\_\_\_\_.

7.- Quen foron os primeiros en festexar o Samaín? Os celtas ou os romanos?

---

8.- Quen despertou á nena?


---

## COMO ERA DIAÑO?





Le o texto coa descrición de Diaño e debúxao.

*Se con ela xa quedara abraiada cando vin a Diaño quedei totalmente pasmada. Ao carón da fada había un ser pequeno con pernas de cabra, un corno na cabeza e un rabo entre as patas traseiras. Lembrábame aos trasnos que vira tantas veces nos contos.*



# O ENCRUCILLADO



## HORIZONTAIS

- 1.- Seres fantásticos que, xunto cons trasnos, teñen dereito a ir e vir por onde queren.
- 2.- Sacerdote pagán dos celtas que adoitaban ir vestidos de cor branca.
- 3.- Festa galega que se celebra á noitiña do 31 de outubro.
- 4.- Nome dun ser pequeno con pernas de cabra, un corno na cabeza e un rabo entre as patas traseiras.
- 5.- Lugar de onde viñan os sons que asustaron á protagonista do conto.
- 6.- Os primeiros que festexaron o Samaín.
- 7.- Mes no que se celebra o Samaín.
- 8.- O que lle deu a nai á rapaza para traela ao mundo real. Deulle un...

1.-FADAS 2.-DRUIDA 3.-SAMAIN 4.-DIANO 5.-PATIO 6.-CELTAS 7.-OUTUBRO 8.-BICO




# O DAMEIRO





Coloca cada palabra onde lle corresponde. Só tes que contar o número de letras de cada palabra e colocala no seu sitio. Fácil, non?

**FADA DIAÑO DRUÍDA CORNO TRASNO SAMAIÍN OUTUBRO**



**SOLUCIÓN**






M<sup>a</sup> Cristina Sáez Cazallas

Cando chega o Samaín,  
o verán xa rematado,  
as cabazas están ledas  
agardando a estaren cheas  
de candís e máis candeas.  
As pantasma andan soltas,  
os esqueletes bailando,  
as bruxas sen as vasoiras  
nos corredores xogando.  
As tumbas están baleiras,  
os corpos andan danzando,  
os mouchos e as curuxas  
das árbores xa baixaron  
para vir a este colexio  
e vervos tan animados.

Goza do Samaín,  
non esteas asustado,  
xa sabes que as nosas meigas  
non queren facerche dano.  
Por certo ...por que non xogas  
coa pantasma do teu lado?  
Non a ves? Fíxate ben...  
Está detrás, raparigo,  
a carón do esquelete  
que anda rindo ás gargalladas,  
ditoso de celebrar  
a festa do Samaín.



## QUE SABES DO SAMAÍN?



1.- Cando chega o Samaín?

---

2.- Como andan as pantasma? E os esqueletes?

---

3.- Para que baixaron os mouchos e as curuxas das árbores?

---

4.- Que é o que sabemos das nosas meigas?

---

5.- Onde está a pantasma que temos ao lado?

---

6.- Completa estes versos usando as palabras do recadro.

árbores danzando baleiras animados curuxas corpos colexio

As tumbas están \_\_\_\_\_,  
os \_\_\_\_\_ andan \_\_\_\_\_,  
os mouchos e as \_\_\_\_\_  
das \_\_\_\_\_ xa baixaron  
para vir a este \_\_\_\_\_  
e vervos tan \_\_\_\_\_.



# UN CARTEL PARA O SAMAÍN



O vindeiro 30 de outubro temos que celebrar o Samaín. Anímaste a facer un cartel?


Só tes que colocar a carón do teu debuxo a información que figura neste recadro.

**SAMAÍN**



**30 DE OUTUBRO**

**A FESTA DO MEDO!**

**A FESTA DAS CABAZAS**




# ONDE VAN ESTES?






# A CABAZA QUE FALA




Imos montar unha cabaza que fala. A cousa é ben doada. Colorea a cabaza, recórtaa, encártaa pola liña discontínua, pégalle por detrás as dúas asas de papel, mete os dedos arriba e abaixo e... fai falar á cabaza! En galego, naturalmente!




# O GATO LAMBÓN



Montamos un gato lambón? Coloréao, recortao polas liñas contínuas, encártao polas liñas discontinúas, mételle as orellas polos cortes da cabeza, estíralle un pouco o rabo... e veña, a ensinarlle a miañar!



# A MEIGA CHUCHONA



Non hai Samaín sen unha boa meiga chuchona coa súa vasoira. Pois para facer esta só tes que colorear, recortar, encartar a pestana, pegala, poñer dereitos os zapatos, pegalle a vasoira nas mans... e listo. É moito coidado non vai saír voando!

